

Chámase estrutura urbana á división da cidade en áreas con morfoloxía e funcións características. Estas áreas son o casco vello, o ensanche e a periferia.

O CASCO VELLO

É a parte da cidade urbanizada desde a súa orixe ata a época industrial. Ocupa unha pequena superficie da cidade actual, pero ten un importante valor.

- **A herdanza da época preindustrial:** concéntrase no casco vello. As cidades están rodeas de murallas que tiñan finalidade defensiva, fiscal e sanitaria. O **plano** solía ser irregular con rúas estreitas e tortuosas. A **trama** urbana era pechada e solía organizarse en mazás pequenas. Na **edificación** predominaban as casas unifamiliares, con currais e hortos. Tamén había edificios destacados, que varían segundo o período histórico. Os **usos do solo** eran diversos: vivendas, talleres, comercios, almacéns e edificios públicos. Desde o **punto de vista social**, coexistían diversos grupos. A estas características se unen as peculiares aportadas polas distintas sociedades preindustrias:
 - A cidade romana, soe presentar plano regular.
 - Na Idade Media, a cidade musulmá tiña un núcleo principal amurallado e a cidade cristiá, medieval tamén estaba rodeada de murallas; os planos son variados: irregulares, raiocéntricos e lineais.
 - No Renacemento créronse novos barrios de plano regular. Tamén prazas maiores, onde se instalaron primeiro o mercado e logo o concello.
 - No Barroco e a Ilustración embeleceuse a cidade con rúas amplas e rectas trazadas en perspectiva, grandes prazas, xardíns e paseos arborados. Ademais melloráronse as infraestruturas de abastecemento e hixiene.
- **A herdanza da primeira etapa industrial:** na primeira metade do s. XIX, o casco absorbeu o crecemento da poboación sen necesidade de estender o plano en superficie. O crecemento era aínda pouco intenso pola escasa industrialización. Isto permitiu a apertura ou ensanchamento das rúas e prazas e a reutilización dos edificios eclesiásticos. Dende mediados do s. XIX ao primeiro terzo do XX, o inicio da industrialización obrigou a ensanchar a cidade fora das murallas e produciu notables transformacións na morfoloxía do casco vello. No **plano**, os espazos máis valorados pola burguesía experimentaron reformas. A **trama** densificou a causa do crecemento urbano para aproveitar máis o espazo. A **edificación** verticalizouse, coa substitución da vivenda unifamiliar de unha ou dúas plantas pola vivenda localizada en edificios de tres a cinco alturas. Dende o **punto de vista social**, a industrialización trouxo o desenrolo dos grupos fundamentais na cidade: a burguesía industrial e comercial e o proletariado.
- **O pulo industrial:** trouxo o deterioro e a renovación do casco vello. Dende finais do s. XIX, coa construción de ensanches, unha parte da burguesía abandonou o centro. No **plano** destruíuse parte da **trama** urbana antiga, ocasionando danos ao patrimonio. Na **edificación**, substituíronse edificios vellos por outros de maior altura. Nos **usos do solo**, as zonas e edificios renovados recibiron actividades terciarias. Estas zonas do casco vello consolidan como CBD (Central Business District) ou centro comercial e de negocios. Nas grandes cidades, o centro de negocios foise desprazando cara ao ensanche ou cara ás grandes avenidas externas do casco histórico. Estas transformacións trouxeron problemas medioambientais e sociais como a saturación do tráfico e de persoas e graves problemas de aparcamento e conxestión das rúas. Como consecuencia, deterioráronse os edificios, afectados pola contaminación e as vibracións do tráfico. Os problemas sociais consisten nunha excesiva segregación interna.
- **Na época postindustrial (a partir de 1975):** iníciase as políticas de rehabilitación integrada nos cascos vellos. No **plano**, peonalízanse as rúas dos espazos máis conxestionados e as prazas ensánchanse e axardinan. Na **edificación**, concédense axudas para a rehabilitación de vivendas privadas y rehabilitáanse edificios históricos, para usos distintos do que tiñan anteriormente. Nos **usos do solo**, as políticas de rehabilitación combinan a defensa dos usos tradicionais coa implantación de actividades innovadoras.

O ENSANCHE URBANO

Dende mediados do s. XIX, a expansión urbana máis alá das murallas preindustriais.

- **O ensanche burgués:** intentou dar resposta ao crecemento das cidades de acordo cos intereses da burguesía. Na maioría dos casos derribáronse as murallas e nese espazo antes ocupado pola muralla construíronse paseos de rolda ou bulevares que diferencian o casco vello da nova cidade. Polo tanto, o ensanche é un espazo novo que plasma as ideas burguesas: orden, hixiene e obtención de considerables beneficios coa construción de vivendas, comercios e transportes. No momento da súa creación, o ensanche adoptou o **plano** regular en cuadrícula, con rúas rectilíneas e máis anchas que as do casco vello. A **trama** foi de baixa densidade, en mazás amplas e regulares. O **uso do solo** predominante foi residencial e dende o **punto de vista social**, os altos prezos dos solares e inmobles fixeron que fóra ocupado principalmente pola burguesía. Os **grupos sociais** de menor nivel ocuparon as áreas máis distantes e peor comunicadas en vivendas de inferior calidade e tamaño: os primeiros ensanches fixéronse nas cidades máis dinámicas. O de Barcelona foi proxectado por Ildefonso Cerdá, e o de Madrid por Carlos María de Castro. Có paso do tempo, o ensanche experimentou modificacións. A **trama** densificouse. A **edificación** verticalizouse. Nos **usos do solo**, o ensanche comezou a recibir funcións terciarias
- **En claro contraste có ensanche burgués, créanse no s. XIX zonas industriais e barrios marxinais para o proletariado.** As instalacións industriais establecéronse na periferia urbana. Os traballadores que emigraron as cidades industriais, soamente encontraron acollida na periferia, en barrios marxinais. O seu **plano** era irregular. A **trama** fíxose pechada e densa, e na **edificación** predominaron as vivendas de escasa dimensión e calidade. Os **usos do solo** mesturaron as residencias obreiras con industrias, talleres e almacéns; as infraestruturas e servizos eran escasos.
- **Ó longo do s. XIX, difundíronse en España ideas naturalistas e hixienistas.** Isto levou ao desexo de acercar o campo á cidade, a finais do s. XIX a España a influencia da cidade – xardín, en xeral non se fixeron cidades – xardín autónomas, senón barrios axardinados de vivendas unifamiliares. A cidade lineal de Arturo Soria concebiuse como unha gran rúa bordeada de casas con horta e xardín, pola cal discorrían os servizos básicos e o transporte.

A PERIFERIA URBANA ACTUAL

Na década de 1960 as principais cidades españolas experimentaron un enorme crecemento debido ao incremento natural da poboación, ao desenrolo industrial e ao progresivo desenrolo dos servizos. Apareceu a chamada franxa periurbana ou suburbana.

- **Os barrios residenciais da periferia son:**
 - **Os barrios marxinais de infravivenda ou chabolas:** xorden no solo ilegal e sen organización urbanística.
 - **Os barrios de vivendas de promoción oficial:** xurdiron entre 1940 e 1960, para intentar atalla-lo problema do aloxamento.
 - **Os polígonos de vivendas de promoción privada:** xurdiron a partir de 1960, créanse de forma aillada e mal conectados entre sí. A función destes polígonos era predominantemente residencial, os comercios e dotacións de barrio concentráronse en certas zonas.
 - **As áreas de vivenda unifamiliar e de segunda residencia:** proliferan a partir dos anos 80 en relación coa difusión entre a clase media da ideoloxía clorofílica e o crecemento do uso do automóbil.
- **As áreas industriais da periferia:** xorden nas décadas de 1950 e 1960 coa creación de polígonos industriais xunto ás principais vías de acceso á cidade. Na actualidade estanse creando na periferia novos espazos industriais relacionados coas esixencias da sociedade postindustrial,
- **As áreas de equipamento na periferia:** son froito da descentralización actual das actividades económicas cara á periferia das grandes cidades. Son grandes superficies comerciais e de equipamento.

AS AGLOMERACIÓNS URBANAS

Algunhas cidades creceron ata conectar con outros núcleos de poboamento, créanse así aglomeracións urbanas, que poden ser de diferentes tipos.

- **A área metropolitana:** é unha grande extensión urbana que rodea a unha cidade importante e comprende, dende un punto de vista administrativo, varios municipios. A área metropolitana caracterízase polos seguintes trazos:
 - Xerarquía urbana presidida por unha cidade importante .
 - Entre a cidade central e os núcleos da área establécense relacións económicas e sociais, a cidade central proporciona emprego de servizos á poboación da área.
 - Dende o punto de vista social, a área metropolitana caracterízase por un estilo de vida urbano.
- **A conurbación:** é unha área urbana continua formada polo crecemento paralelo de dous ou máis cidades ata unirse, cada cidade da conurbación mantén a súa independencia.
- **A rexión urbana:** é unha área urbana discontinua, integrada por cidades dispersas, pero o suficientemente densa como para que todo o territorio posúa características urbanas.
- **A megalópole:** créase cando a urbanización acada escala suprarrexional. Está constituída por diversos elementos urbanos con funcións distintas, que crecen e forman unha rede urbana discontinua.